



Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación Naturgy, para promover e impulsar as ensinanzas de formación profesional e especialmente as relacionadas co sector do mantemento de vehículos propulsados con gas natural, gas renovable e a rehabilitación eficiente en edificios

MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Fundación Naturgy o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación Naturgy, e especialmente a formación profesional relacionada co sector enerxético, os vehículos propulsados con gas natural, gas renovable e a rehabilitación eficiente en edificios. Entre as actuacións a desenvolver: un plan de actualización, promoción, orientación e formación nas ensinanzas de formación profesional relacionadas co sector enerxético e da propulsión de vehículos con gas; que comezará no CFP Politécnico de Santiago e que poderá estenderse a outros centros que impartan ensinanzas relacionadas con este sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





1. Na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

2. No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

3. En que a Fundación Naturgy e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coinciden na necesidade da información, da educación e da sensibilización da sociedade no respecto e conservación do medio ambiente, así como facer compatible o progreso económico co uso racional dos recursos enerxéticos.

4. No interese da Fundación Naturgy e da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia en colaborar para a promoción de ensinanzas de formación profesional como liña estratéxica para un desenvolvemento empresarial e económico sostible, e polo tanto, en capacitar aos futuros profesionais no respecto ao medio ambiente, a eficiencia enerxética e a implantación de novas tecnoloxías.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

